



CONCELLO DE SADA

Edificio de usos administrativos.
Avda. da Mariña 25 15160
Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
www.sada.gal

Praza	Técnico/a de turismo	Quenda	Libre
Convocatoria	BOP núm. 122, 1-7-19	Data	09/08/19
Exercicio	1º: Cuestionario tipo test		

1. Cal dos seguintes eventos celebrado en Sada foi declarado festa de interese turístico?

- a) A sardiñada celebrada o 18 de agosto
- b) A caldeirada celebrada o 18 de agosto
- c) A sardiñada celebrada o 20 de xullo

2.- Cal é a clasificación na que se enmarcan os moteis?

- a) Grupo I. c
- b) Grupo I. a
- c) Grupo I. e

3.- Poden estar participadas polas deputacións provinciais as entidades supramunicipais creadas co fin da promoción ou xestión turística?

- a) si
- b) si, pero só cando o ámbito de actuación recolla o mesmo que o do xeodestino
- c) non, en ningún caso

4.- Que tipo de establecemento hoteleiro se caracteriza por ter entradas independentes desde o exterior?

- a) pensións
- b) hoteis
- c) moteis

5.- Como se establecen os requisitos que deben cumprir as oficinas que integren a Rede Galega de Oficinas de Turismo:

- a) regulamentariamente
- b) dependendo da forma na que se constituíran
- c) non existe esta rede

6.- Cal das seguintes competencias non é municipal?

- a) promoción e protección da imaxe de Galicia como marca turística
- b) promover a declaración de concello turístico e de festas de interese turístico
- c) a potenciación e promoción da denominación de xeodestino do que formen parte.



CONCELLO DE SADA

Edificio de usos administrativos.
Avda. da Mariña 25 15160
Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
www.sada.gal

Praza	Técnico/a de turismo	Quenda	Libre
Convocatoria	BOP núm. 122, 1-7-19	Data	09/08/19
Exercicio	1º: Cuestionario tipo test		

7.-Cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- a) a perda de condición de municipio turístico producirase se o solicita o concello interesado
- b) os municipios turísticos terán unha oficina de información turística que deberá estar aberta polo menos seis meses ao ano.
- c) un dos efectos da declaración de municipio turístico é ser obxecto de atención preferente na elaboración dos plans turísticos da Administración da Xunta de Galicia.

8.- O dereito a tranquilidade e a intimidade

- a) é un dereito do turista segundo a constitución española
- b) é un dereito das usuarias e usuarios turísticos segundo a lei 7/2011, do turismo de Galicia
- c) non está recoñecido en ningunha disposición legal

9.-Entendese por vivendas turísticas os establecementos unifamiliares illados nos que se preste servizo de aloxamento turístico, cun número de prazas non superior a:

- a) nove
- b) seis
- c) dez

10.-Cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- a) a usuaria ou usuario turístico ten dereito a obter da administración pública competente información obxectiva e veraz sobre os distintos aspectos do conxunto da oferta turística de Galicia.
- b) a usuaria ou usuario turístico poderá presentar informes de queixas ante o Consello de Turismo de Galicia.
- c) a usuaria ou usuario turístico ten dereito a que administración pública competente procure a máxima eficacia na atención e tramitación das súas queixas e reclamacións

11.-Entre outros requisitos, para a declaración de municipio de interese turístico terase en conta:

- a) a poboación do municipio, as prazas de aloxamento e as bandeiras azuis
- b) a poboación turística e a existencia dun instrumento de planificación turística aprobado polo pleno do concello



CONCELLO DE SADA

Edificio de usos administrativos.
Avda. da Mariña 25 15160
Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
www.sada.gal

Praza	Técnico/a de turismo	Quenda	Libre
Convocatoria	BOP núm. 122, 1-7-19	Data	09/08/19
Exercicio	1º: Cuestionario tipo test		

c) A poboación turística, as prazas de aloxamento e recursos e servizos turísticos con capacidade de atracción turística

12.- Un dos requisitos fixados por lei para que un concello sexa declarado de interese turístico é:

a) que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ao 15% do número de veciños

b) que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 50% do número de veciños

c) que acredite contar, dentro do seu territorio, cun número mínimo de 250 prazas hoteleiras

13.- Cal destas afirmacións non é correcta

a) a declaración de festa de interese turístico de Galicia comportará a súa inscrición de oficio no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) a declaración de festa de interese turístico de Galicia terá carácter indefinido

c) a declaración de festa de interese turístico de Galicia ten unha vixencia de 80 anos

14.- Que é o ICTE?

a) Instituto para a Calidade Turística Española

b) Instituto para o Comercio Turístico Español

c) Instituto Coruñés para o Comercio Exterior

15.- Cal é o nome do arquitecto que realizou o proxecto de A Terraza?

a) Antonio López Hernández

b) Antonio Palacios

c) César Manrique

16.- Que tipo de infracción é non dispoñer materialmente dos documentos esixidos pola normativa turística para o exercicio das actividades?

a) Infracción leve

b) Infracción grave

c) Non ter a documentación non se considera infracción

17.- Cal das seguintes características non ten que suceder para que un territorio se declare de preferente actuación turística?



CONCELLO DE SADA

Edificio de usos administrativos.
Avda. da Mariña 25 15160
Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
www.sada.gal

Praza	Técnico/a de turismo	Quenda	Libre
Convocatoria	BOP núm. 122, 1-7-19	Data	09/08/19
Exercicio	1º: Cuestionario tipo test		

- a) Que no plantexamento urbanístico teñan previsto o solo preciso para a dotación dos equipamentos turísticos necesarios para a execución das políticas turísticas.
- b) Que exista un punto de información aberto e atendido durante todo o ano.
- c) Que dispoña de recursos de interese turístico.

18.- Cal dos seguintes territorios de Galicia está declarado como Reserva da Biosfera?

- a) Serra do Careón
- b) Terras do Miño
- c) Serra da Enciña da Lastra

19.- Cal das seguintes festas non está declarada de Interese Turístico de Galicia?

- a) A festa do mexilón de Lorbé (Oleiros)
- b) A feira do bonito de Burela
- c) A festa da cereixa de Paiosaco (A Laracha)

20.- Cal das seguintes actuacións non están recollidas na lei 7/2011 como actuacións de promoción?

- a) Participación en feiras, certames e congresos relacionados co sector turístico
- b) O uso de novas tecnoloxías, especialmente de internet
- c) A contratación de persoal de información e comercialización turística

21.- O seguinte punto é un servizo mínimo que debe prestar un municipio de interese turístico, pero cal é a resposta correcta?

- a) A posta a disposición das usuarias e usuarios turísticos dun servizo de acceso a internet, de utilización momentánea, na oficina de información turística ou noutros puntos de consulta abertos ao público.
- b)) A posta a disposición das usuarias e usuarios turísticos dun servizo de acceso a internet, sen límite de tempo na súa utilización, e só na oficina de información turística.
- c) A posta a disposición das usuarias e usuarios turísticos dun servizo de acceso a internet non é un servizo mínimo que debe prestar un municipio de interese turístico.

22.- En que xeodestino se atopan os Penedos de Pasarela e Traba?

- a) Terras de Santiago



CONCELLO DE SADA

Edificio de usos administrativos.
Avda. da Mariña 25 15160
Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
www.sada.gal

Praza	Técnico/a de turismo	Quenda	Libre
Convocatoria	BOP núm. 122, 1-7-19	Data	09/08/19
Exercicio	1º: Cuestionario tipo test		

b) Manzaneda-Trevinca

c) Costa da Morte

23.- O nome de Sada provén do fenicio "saida" e significa:

a) saída

b) porto

c) abundante pesca

24.-Como se chama a rota de sendeirismo homologada pola Federación de Montañismo e que ten 9,4 kms de percorrido?

a) Ruta de Fontán

b) Rota das Delicias

c) Roteiro Mariñán - Costa Doce

25.-Que produto gastronómico ensalza a "Festa da Xiba" de Sada?

a) A anguía

b) A cervexa

c) A Sepia ou Choco

26.-Que grupo de praias se atopa en Sada:

a) Armenteiro, Valcobo, Campelo e A Frouxeira

b) Ariño, Arou, Camelle e Reira

c) Armenteiro, Pedralba, Fontiñas e Os Lobos.

27.- En que lugar se atopa a casa burguesa do Amexeiral:

a) Veigue

b) Mosteirón

c) Mondego

28. Que personaxe reconstrúe o Pazo de Meirás:

a) A familia Pardo de Lama

b) María del Carmen Polo e Martínez-Valdés

c) Emilia Pardo Bazán



CONCELLO DE SADA

Edificio de usos administrativos.
Avda. da Mariña 25 15160
Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
www.sada.gal

Praza	Técnico/a de turismo	Quenda	Libre
Convocatoria	BOP núm. 122, 1-7-19	Data	09/08/19
Exercicio	1º: Cuestionario tipo test		

29.- Como se chama a casa da cultura de Sada?

- a) Casa da Cultura Emilia Pardo Bazán
- b) Casa da Cultura Pintor Lloréns
- c) Casa da Cultura Rosalía de Castro

30.-En que ano se instaurou a fábrica de Sargadelos no concello de Sada?

- a) 1949
- b) 1912
- c) 1985

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- Como se chaman os barrios de pescadores máis ilustres de Sada?

- a) Mondego e Rúa Real
- b) La Tenencia e Fontán
- c) Samoedo e A Terraza

2.- Cal é o nome do humedal que se atopa no centro de Sada?

- a) As Brañas
- b) Fontán
- c) Non hai ningún humedal no centro de Sada

3.- Cantos parques naturais hai na provincia da Coruña?

- a) Dous: Fragas do Eume, Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán
- b) Dous: Fragas do Eume e Serra da Capelada
- c) Tres: Fragas do Eume, Monte Aloia e Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

4.- Cal das seguintes accións non está recollida co obxectivo de aumentar a calidade dos servizos turísticos:

- a) Apoiar sistemas de calidade
- b) Diseñar imaxes corporativas de produtos turísticos
- c) Difundir distintivos e marcas de calidade



CONCELLO DE SADA

Edificio de usos administrativos.
Avda. da Mariña 25 15160
Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
www.sada.gal

Praza	Técnico/a de turismo	Quenda	Libre
Convocatoria	BOP núm. 122, 1-7-19	Data	09/08/19
Exercicio	1º: Cuestionario tipo test		

5.- Cal é a afirmación correcta:

- a) O Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia é un rexistro público, de natureza administrativa, custodiado e xestionado pola consellería competente en materia de turismo, co obxectivo fundamental de ter a disposición un censo das empresas e actividades turísticas regulamentadas pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) O Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia é un rexistro privado, custodiado e xestionado pola empresa gañadora da licitación pertinente, co obxectivo fundamental de ter a disposición un censo das empresas e actividades turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) O Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia é un rexistro privado, sen custodia nin potestade administrativa.